

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

| | |
|---|---|
| a. Nome oficial | Economía da Empresa: Función Financeira |
| b. Titulación | ADE |
| c. Créditos | 4,5 (3 teóricos; 1,5 prácticos) |
| d. Curso | Primeiro |
| e. Código da materia | 611211104 |
| f. Tipo | Troncal |
| g. Impartición | Primeiro cuadrimestre |
| h. Departamento/s responsable/s | Economía Financeira e Contabilidade |
| i. Profesor/a coordinador / responsable da docencia | Carlos Piñeiro Sánchez |

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Grupo A:

Grupo B:

Grupo C: Dr. Carlos Piñeiro Sánchez

2) Lugar e horario de titorías

Carlos Piñeiro Sánchez: Luns, de 16.45 a 18.45

Martes, de 16.45 a 17.45

3) E-mail

Carlos Piñeiro Sánchez: carpi@udc.es

(exclusivamente consultas urxentes e situacións excepcionais)

4) Universidade Virtual

A Plataforma de Teleformación emprégase como punto de información e soporte para a distribución de materiais. Cómpre advertir que este material é complementario e está destinado a fins concretos, como mellorar ou cubrir lagoas no material bibliográfico, que se indicarán en cada caso.

5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego e castelán indistintamente

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

A materia pretende lograr que o alumno adquira un coñecemento básico da problemática financeira da empresa, e dos aspectos fundamentais da teoría financeira no tocante ás decisións a longo prazo; ofrécese unha introducción ó estudio da problemática financeira a curto prazo, de forma complementar ás materias de contabilidade e análise financeira. No plano das habilidades, preténdese dar un primeiro paso no desenvolvemento da capacidade de análise de problemas e o sentido crítico do alumno, e na adquisición de competencias en materia de TIC aplicadas ás finanzas.

III. METODOLOXÍA

A materia forma parte do *Grupo de Calidade de Función Financeira*, e a súa metodoloxía está deseñada baixo as súas directrices de adaptación ó ECTS¹. As leccións teóricas resérvanse para encadra-los temas e abordar cuestións que pola súa novidade ou complexidade teórica requiran un tratamento *ad hoc*; non se impartirán leccións maxistras, e solicitamos dos alumnos un compromiso de traballo e de participación activa.

As actividades teóricas e prácticas presenciais desenvolveranse de forma simultánea, sen unha separación horaria específica, a efecto de aproveita-la súa complementariedade. A metodoloxía de traballo combina os métodos do seminario, a análise de casos, e as prácticas; eventualmente, se os medios do centro e a capacidade docente o permiten, programaranse sesións de traballo diante do ordenador, a efecto de completa-la formación dos alumnos en materias TIC.

Estas actividades complétanse cun programa de tarefas persoais que o alumno debe desenvolver, baixo a titoría do seu profesor, en cinco áreas: matemática financeira, análise de investimentos, decisións relativas á estrutura financeira, e decisións a curto prazo. Estas actividades son puntuables, e a súa realización é condición necesaria para participar no sistema de avaliación continua.

IV. AVALIACIÓN

De acordo coas directrices xerais dos *Grupos de Calidade de Dirección Financeira e Función Financeira* e as esixencias dos Estatutos da UDC, a avaliación do alumno ten carácter continuo e, neste caso, baséase en tres elementos:

- A participación e grao de aproveitamiento das actividades presenciais (10%).
- A calidade das prácticas e traballos persoais desenvolvidos polo alumno (20%).
- Os resultados de catro probas teórico-prácticas escritas, de carácter liberatorio, (70%) relativas a:
 - o Contido da función financeira
 - o Matemáticas financeiras
 - o Investimentos
 - o Decisións de estrutura financeira.

Exclusivamente na convocatoria correspondente ó primeiro cuadrimestre de 2007-08, a cualificación será unha media ponderada destes elementos sempre e cando:

- O alumno cumpra o programa de traballo continuo, realizando puntualmente tódalas tarefas que se lle encarguen.
- A puntuación en tódalas probas (prácticas e exames) sexa non inferior a tres.

En caso contrario, e por imperativo legal, o alumno ten a opción de libera-la materia nunha proba de conxunto, teórico-práctica, oral ou escrita, a realizar na data que a Xunta de Facultade fixe para a convocatoria oficial. Nesta proba o alumno parte cunha puntuación igual a cero.

¹ O deseño metodolóxico e a avaliación continua están suxeitos a que o Vicerreitorado de Calidade da UDC aprobe a continuidade dos Grupos de Calidade de Dirección Financeira e Función Financeira en 2007-08. En caso contrario a avaliación consistirá exclusivamente nunha proba de conxunto.

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

1. A función financeira da empresa
2. Matemáticas financeiras
3. Decisións de financiamento
4. Selección de investimentos
5. A problemática financeira a curto prazo

VI. RECOMENDACIÓNS

O sistema ECTS, no que se inspira o deseño metodolóxico da materia, implica unha forma de traballo diferente da que ata agora viu sendo habitual na Universidade: o alumno ten máis autonomía e menos carga de traballo presencial pero, ó mesmo tempo, debe organiza-lo seu tempo e asumir máis responsabilidade no eido do traballo con bibliografía, a preparación de materiais, e o estudio persoal; en todo caso, debe ser consciente de que as leccións presenciais, o programa de traballo, e o sistema de tutoría están deseñados sobre a presunción de que está a desenvolver pola súa conta estas actividades.

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Os avisos máis relevantes estarán dispoñibles na web da materia na Facultade Virtual da UDC (<http://fv.udc.es>), pero os alumnos deben ser conscientes de que o contido desta web é complementario e non substitutivo das actividades presenciais. Algunhas referencias bibliográficas básicas son as seguintes:

- Brealey, R. A.; Myers, S. C.; Marcus, A. J. (2007): *Fundamentos de Finanzas Corporativas*, 4ª ed., McGraw-Hill, Madrid.
- Doldán Tié, F. R. (2001): *Fundamentos de las decisiones financieras empresariales*. Santiago: Tórculo.
- Suárez Suárez, A. (2005): *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa*. Madrid: Pirámide.